



# PROGRAMACIÓN DO DPTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA IES AGRA DE RAÍCES

Composición:

- M<sup>a</sup> Teresa Llamas López
- Pablo Rodríguez Rodríguez
- Leticia Quintela Caamaño

28/09/2022

---

# Índice

---

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. ....</b>	<b>4</b>
	Introdución. ....	4
	Contextualización. ....	5
<b>2</b>	<b>OBXECTIVOS. ....</b>	<b>6</b>
	LOMCE: OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....	6
	LOMCE: OBXECTIVOS DO BACHARELATO. ....	8
<b>3</b>	<b>CONTRIBUCIÓN DA ÁREA/MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ....</b>	<b>9</b>
<b>4</b>	<b>COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO. ....</b>	<b>12</b>
<b>5</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS. ....</b>	<b>13</b>
<b>6</b>	<b>AVALIACIÓN. ....</b>	<b>15</b>
	Criterios de avaliación en relación ás competencias clave. ....	15
	Criterios de cualificación. ....	26
	Avaliación dos alumnos con materias pendentes. ....	28
	Avaliación de alumnos con ausencia prolongada do centro escolar por causas diferentes. ....	30
	Procedementos de avaliación .....	32
	Instrumentos de avaliación. ....	33
	Criterios de promoción e titulación do alumnado da ESO. ....	38
	Criterios de promoción e titulación do alumnado de Bacharelato. ....	41
<b>7</b>	<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....</b>	<b>43</b>
<b>8</b>	<b>METODOLOXÍA. ....</b>	<b>44</b>
<b>9</b>	<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. ....</b>	<b>46</b>
<b>10</b>	<b>TRATAMENTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS. ....</b>	<b>48</b>
<b>11</b>	<b>ASPECTOS A TER EN CONTA ANTE A SITUACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE DEBIDO Ó COVID 19. ....</b>	<b>49</b>
<b>12</b>	<b>PLAN DE FOMENTO DA LECTURA. ....</b>	<b>51</b>
<b>13</b>	<b>COORDINACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS. ....</b>	<b>53</b>
<b>14</b>	<b>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. ....</b>	<b>54</b>
<b>15</b>	<b>CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO. ....</b>	<b>55</b>
<b>16</b>	<b>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN. ....</b>	<b>56</b>
<b>17</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS. ....</b>	<b>58</b>
	<b>XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º DE ESO. ....</b>	<b>58</b>
	17.1.1 Obxectivos. ....	58
	17.1.2 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. ....	60

17.1.3	Grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe, para superar a materia de xeografía e historia en 2º ESO. ....	62
17.1.4	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Xeografía e Historia de 2º da ESO. ....	67
17.1.5	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. ....	68
<b>HISTORIA 4º ESO .....</b>		<b>83</b>
17.1.6	Obxectivos.....	83
17.1.7	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	85
17.1.8	Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais. ....	87
17.1.9	Grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe, para superar a materia de xeografía e historia en 4º ESO. ....	97
17.1.10	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Historia de 4º da ESO.....	108
17.1.11	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável da temporalización. ....	127
17.1.12	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. ....	129
17.1.13	Medidas de atención á diversidade. ....	130
<b>HISTORIA DE ESPAÑA 2º DE BACHARELATO.....</b>		<b>132</b>
17.1.14	Concreción de obxectivos por curso. ....	132
17.1.15	Relación de criterios/estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	134
17.1.16	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	153
17.1.17	Grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe, para superar a materia de Hª de España en 2º de Bacharelato.....	155
17.1.18	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Hª de España en 2º de Bacharelato. ....	167
17.1.19	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. ....	195
17.1.20	Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos .....	195
<b>HISTORIA DA ARTE DE 2º DE BACHARELATO.....</b>		<b>196</b>
17.1.1	Concreción de obxectivos por curso. ....	196
17.1.2	Relación de criterios/estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	197
17.1.3	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	215
17.1.4	Grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe, para superar a materia de Hª da Arte en 2º de Bacharelato. ....	218
17.1.5	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Historia da Arte en 2º de Bacharelato. ....	226
17.1.6	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. ....	261
17.1.7	Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos .....	262
<b>XEOGRAFÍA DE 2º DE BACHARELATO .....</b>		<b>262</b>
17.1.1	Concreción de obxectivos por curso. ....	262
17.1.2	Relación de criterios/estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	264
17.1.3	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	277
1.1.1	Grao mínimo de consecución para superar a materia de Xeografía en 2º de Bacharelato. ....	278
1.1.2	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Xeografía en 2º de Bacharelato. ....	284
17.1.4	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. ....	285
17.1.5	Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos .....	286
<b>PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL DE GALICIA DE 2º DE BACHARELATO.....</b>		<b>311</b>
17.1.1	Concreción de obxectivos por curso. ....	311
17.1.2	Relación de criterios/estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	312

17.1.3	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	325
1.1.3	Grao mínimo de consecución para superar a materia de Patrimonio Artístico e Cultural de 2º de Bacharelato.....	326
1.1.4	Concreción dos estándares de aprendizaxe en relación ós criterios de avaliación e ás competencias clave para a materia de Patrimonio Artístico e Cultural de 2º de Bacharelato. .	330
17.1.4	Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....	341
17.1.5	Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos .....	342

# 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

## Introdución.

A área de ciencias sociais, Xeografía e historia ten unha recoñecida especificidade nas últimas construcións curriculares e resulta innegable que constitúe unha contribución fundamental para a formación do alumnado na educación secundaria obrigatoria.

Coas materias desta área preténdese profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

A atención particular que se concede á xeografía e á historia como referentes da área, queda xustificada polo seu acusado carácter integrador e globalizador e pola súa sensibilidade ao interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo. Por outra parte, a complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas -educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer-, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de Análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

Para a análise da dimensión espacial resulta axeitado o enfoque ecoxeográfico, que permite tomar en consideración as múltiples variables -naturais e antrópicas- que conforman un espazo e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta.

A historia débelle proporcionar ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Do mesmo xeito, cumpriría enfiar ao longo do currículo de todos os cursos tres elementos de análise que consideramos imprescindibles para comprender a realidade social: a historia, o

espazo e os recursos. Por outra parte, as dúas materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia.

Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación. A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

## Contextualización.

O Instituto “Agra de Raíces” de Cee ten arredor de 400 alumnos e 40 profesores, así como seis traballadores de persoal non docente.

As instalacións están en bastante bo estado e hai suficientes recursos para impartir a nosa materia sen dificultade. Así dispónse de canón e pantalla nas aulas e hai ordenadores portátiles suficientes para poder utilizar cando o profesorado o estime oportuno. Tamén hai unha aula específica de audiovisuais con ordenador, vídeo, canón e proxectores diversos (diapositivas, retroproxección) que xa non se utilizan por mor das novas tecnoloxías, que facilitan traballar cun único soporte audiovisual. Hai dúas pizarras dixitais, onde se adoita a dar a clase de Xeografía de 2º; tamén se pode utilizar noutros casos, pero está na aula TIC e polo tanto, ao igual que as aulas de informática ou a de audiovisuais, deben ser compartidas co resto dos departamentos, e establécense prioridades e realízanse reservas de aula específica cando é necesario. Deste xeito impartimos Xeografía, e sempre que é posible a Historia de Bacharelato, na aula de Audiovisuais.

O Centro dispón dunha biblioteca, na que tamén hai ordenadores ao servizo de alumnado, e todos os recreos está aberta para realizar consultas ou solicitar préstamos.

Este curso, o proxecto Edixgal iníciase de 2º a 4º da ESO, o que significa que o alumnado disporá de ordenador portátil, e traballarase máis coas TIC, debendo adaptar algúns dos materiais que se utilizan na aula.

Tendo en conta a **situación de excepcionalidade que estamos a vivir desde o tereceiro trimestre do curso anterior, debido ó impacto da pandemia do Covid19**, que provocou o

peche dos centros e a implantación dun ensino telemático durante o terceiro trimestre. Sinalamos, a continuación, ó longo da programación **os cambios metodolóxicos** que debemos incluír para adaptarnos á nova situación, así como as **modificacións pertinentes do temario** para previr calquera cambio na modalidade de ensino presencial a semipresencial ou a distancia.

## 2 OBXECTIVOS

### LOMCE: OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e



expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **LOMCE: OBXECTIVOS DO BACHARELATO.**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da

tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **3 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA/MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

As Ciencias Sociais teñen un carácter instrutivo e contextualizador porque axudan a centrar unha información dentro dunha perspectiva social. Deben crear cidadáns e cidadás cualificados e cualificadas capaces de analizar, valorar, opinar e tomar decisións coherentes; de preservar o patrimonio natural, cultural e histórico nunha sociedade en cambio permanente a un ritmo acelerado.

#### *1. Competencia social e cívica*

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia desenvolve, especialmente, a competencia básica social e cidadá, pois facilita as relacións dentro dun modelo democrático nunha sociedade cada vez máis plural e diversa. Entre as competencias clave deste tipo abordadas no noso proxecto de Xeografía e Historia para 1º de ESO salientamos:

- Competencia para construír o tempo e o espazo persoal no alumnado para comprender a conformación de identidades sociais e territoriais. Estas categorías espazo-temporais deben traducirse no desenvolvemento dunha competencia social democrática que faga posible unha interacción responsable no medio, pois o mundo actual é o resultado das decisións que tomaron os nosos antepasados. Razón pola que é fundamental comprender que o planeta non ten capacidade ilimitada para soportar todas as agresións e que a nós

nos corresponde unha actitude comprometida e responsable que garanta un futuro para as xeracións futuras.

- Competencia para comprender a realidade social actual, os seus logros e os seus problemas, axudando a analizar os elementos que a propiciaron e, se é posible, melloralos.
- Competencia para analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, os problemas xerados e as accións que aseguren a protección do medio natural. O patrimonio paisaxístico ten que estar en harmonía co medio. Para percibir o espazo físico no que se desenvolve a actividade humana pódense seguir estratexias de coñecemento con metodoloxías inversas: do máis próximo ao máis afastado ou do máis afastado ao máis próximo. O proxecto de Edicións Xerais de Galicia incorpora as dúas metodoloxías para potenciar o desenvolvemento desta competencia. Enténdese por medio a complexa urda de elementos e relacións en que o individuo se atopa inmerso, directa ou indirectamente, e non só o máis inmediatamente perceptible na contorna próxima. Este concepto de medio recolle a perspectiva dos feitos que a realidade sitúa á nosa beira, que se ve de maneira obxectiva, e a dos que poden ser próximos aos intereses do alumnado, aínda que non pertencen á contorna próxima. Constitúe o noso medio todo o que actúa sobre nós, o que nos move e nos orienta, o que nos fai madurar e progresar, o que nos asusta ou proporciona seguridade, o que nos formula problemas ou impón eleccións; en definitiva, todo o que nos afecta.

### *3. Conciencia e expresións culturais*

- Competencia para, a partir do estudo da cultura propia, emprender o coñecemento doutras culturas afastadas, alleas ou distintas. Competencia que se verá facilitada pola sensación de proximidade dos lugares máis distantes que nos proporcionan os medios de comunicación, sobre todo a televisión, xa que vivimos cada vez máis nun mundo interrelacionado e, ás veces, o remoto é o máis próximo.
- Competencia para apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, tanto para o enriquecemento persoal como para valoralas como elementos esenciais do patrimonio cultural que hai que preservar.
- Competencia para identificar e coñecer obras de arte relevantes, polo significado na caracterización de estilos e artistas e polo feito de formar parte do patrimonio cultural

próximo. Son necesarias, pois, capacidades perceptivas e unha certa sensibilización por parte do alumnado sobre estas manifestacións.

#### *4. Competencia para aprender a aprender*

- Competencia para chegar ao coñecemento por transferencia. Preténdese que a partir da idea de medio e de contorna os alumnos e alumnas poidan transferir os seus modelos da realidade estudada a distintos contextos sociais e espaciais.
- Competencia para construír novos coñecementos, nun proceso lento pero seguro, de aprendizaxe. O descubrimento de novas cousas formará parte deste proceso de construción. E para construír coñecementos, nada mellor que partir do que cada un sabe, razón pola que os materiais propoñen unha aprendizaxe significativa, adquirindo significados novos a partir do que cada alumno ou alumna xa coñece.

#### *5. Competencia dixital*

- Competencia para comprender fenómenos sociais, xeográficos e históricos empregando as ferramentas proporcionadas pola sociedade da información (Internet, especialmente).
- Competencia para establecer criterios de selección da información proporcionada por fontes dixitais baseados na veracidade e na pertinencia, sendo tratados desde actitudes críticas para que enriquezan e non suplanten as contribucións persoais.

#### *6. Competencia en comunicación lingüística*

- Competencia para describir, narrar, disertar, argumentar, tanto por oral como por escrito, utilizando un vocabulario preciso e específico da área, tanto os feitos históricos, como as realidades xeográficas e problemas sociais. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento e para explicar e expresar o coñecemento construído. O desenvolvemento desta competencia implica o dominio de habilidades de lectura e escritura de diferentes tipos de textos. As preguntas a pé de páxina, presentes en todas as páxinas dos materiais, axudan nese intento de desenvolver a competencia lectora comprensiva e pormenorizada, obrigando ao alumnado a buscar o dato concreto ou a idea esencial.
- Competencia para valorar a lingua galega como un trazo esencial da identidade histórica de Galicia.

#### *7. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía*

- Competencia para manexar datos numéricos e realizar operacións básicas con criterio de medición, codificación numérica e representación gráfica sobre feitos históricos ou realidades sociais e xeográficas. Moitos aspectos relacionados co marco espacial e da vida social teñen valores cuantitativos ou gráficos que deben ser abordados dende esta competencia.

#### 8. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

- Competencia para desenvolver valores ou habilidades persoais, como autonomía, liberdade, autoestima, autocrítica, iniciativa, perseveranza, creatividade, seguridade, responsabilidade, honestidade, respecto ás normas e capacidade para afrontar os problemas; e valores sociais, como respecto polas ideas alleas, capacidade de diálogo e interese polo traballo cooperativo.

## 4 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de Ciencias Sociais do IES de Agra de Raíces estará composto no presente curso académico por os seguintes membros que imparten as seguintes materias:

<b>M<sup>a</sup> Teresa Llamas López</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>CURSO</b>	<b>HORAS</b>
• H <sup>a</sup> de España	• 2º Bacharelato	9
• Patrimonio Artístico e cultural de Galicia	• 2º Bacharelato	2
• Xeografía e Historia	• 4º ESO	6
• Total horas:		17
<b>Pablo Rodríguez Rodríguez</b>		

• Hª Mundo Contemporáneo	• 1º Bacharelato	8
• Xeografía e Historia	• 3º ESO	6
• Xeografía	• 2º Bacharelato	4
Total horas:		18
<b>Leticia Quintela Caamaño (Xefatura de departamento)</b>		
• Xeografía e Historia	• 1º ESO	9
• Xeografía e Historia	• 2º ESO	9
Total horas:		18
Total de horas adxudicadas ó departamento:		53

O departamento realizará, como mínimo, unha reunión ó mes.

## 5 TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Nos niveis da ESO comezaremos impartindo os temas da parte de historia para tratar de garantir, na medida do posible, a continuidade cronolóxica co curso seguinte.

<b>CIENCIAS SOCIAIS 2º ESO</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso dos temas de historia do curso anterior.</li> <li>• UNIDADE 1. O inicio da Idade Media</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 2. A Europa feudal</li> <li>• UNIDADE 3. O desenvolvemento das cidades na Idade Media.</li> <li>• UNIDADE 4. A cultura e a arte na Idade Media. O Románico e o Gótico.</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 5. Al-Ándalus</li> <li>• UNIDADE 6. Os reinos cristiáns hispánicos.</li> <li>• UNIDADE 7. O estudo físico de España e de Galicia</li> <li>• UNIDADE 8. A poboación do mundo</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 9. As cidades</li> <li>• UNIDADE 10. O continente europeo. Poboación e cidades</li> <li>• UNIDADE 11. España e Galicia: territorio, poboación e cidades.</li> </ul>

<b>CIENCIAS SOCIAIS 4º ESO</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso dos temas de historia do curso anterior.</li> <li>• UNIDADE 1. A crise do Antigo Réxime</li> <li>• UNIDADE 2. Revolución Francesa. Revolucións liberais e nacionalismos</li> <li>• UNIDADE 3. A Revolución Industrial e os cambios sociais.</li> <li>• UNIDADE 4. España no século XIX., a construción dun réxime liberal</li> <li>• UNIDADE 5. Imperialismo, guerra e revolución.</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 6. O mundo de entreguerras.</li> <li>• UNIDADE 7. A Segunda Guerra Mundial</li> <li>• UNIDADE 8. España: da crise do 98 á guerra civil.</li> <li>• UNIDADE 9. A Guerra Fría.</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 10. A descolonización e o Terceiro Mundo.</li> <li>• UNIDADE 11. O mundo desde 1945 ata a actualidade.</li> <li>• UNIDADE 12. España, da ditadura á democracia.</li> </ul>

<b>HISTORIA DE ESPAÑA (2º BACHARELATO)</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 0. Como se escribe a Historia, criterios comúns.</li> <li>• UNIDADE 1. Hispania e Gallaecia na Antigüidade.</li> <li>• UNIDADE 2. A España medieval. Al – Andalus e os reinos cristiáns medievais.</li> <li>• UNIDADE 3. A España na Idade Moderna. A Monarquía Hispánica: a época dos Reis Católicos e os Austrias</li> <li>• UNIDADE 4. O século XVIII: reformismo borbónico e Ilustración</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 5. A crise do Antigo Réxime e a consolidación do réxime liberal.</li> <li>• UNIDADE 6. As transformacións socioeconómicas na España liberal.</li> <li>• UNIDADE 7. A monarquía da Restauración Borbónica. Estado e nación.</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 8. A Segunda República e a Guerra Civil</li> <li>• UNIDADE 9. España no franquismo.</li> <li>• UNIDADE 10. España en democracia.</li> </ul>

<b>HISTORIA DA ARTE (2º BACHARELATO)</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 1. A arte: función, tipoloxías, técnicas e conservación.</li> <li>• UNIDADE 2. Arte Clásica: Grecia</li> <li>• UNIDADE 3. Arte clásica: Roma.</li> <li>• UNIDADE 4. Arte Medieval. Arte Bizantina.</li> <li>• UNIDADE 5. Arte Medieval. Arte islámica e arte mudéjar.</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 6. Arte Medieval. Arte prerrománica</li> <li>• UNIDADE 7. Arte Medieval. O románico</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 8. Arte Medieval. O Gótico.</li> <li>• UNIDADE 9. Arte Moderna. O Renacemento.</li> <li>• UNIDADE 10. Arte Moderna. O barroco e Rococó.</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 11. Arte Contemporánea. Neoclasicismo e Romanticismo</li> <li>• UNIDADE 12. Arte Contemporánea. Do Realismo ó Modernismo.</li> <li>• UNIDADE 13. Arte Contemporánea. Primeiras Vangardas.</li> <li>• UNIDADE 14. Arte Contemporánea. Segundas Vangardas e últimas tendencias.</li> </ul>

<b>XEOGRAFÍA (2º BACHARELATO)</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 0: Introducción ó coñecemento xeográfico.</li> <li>• UNIDADE 1. O espazo xeográfico español: a diversidade xeomorfolóxica.</li> <li>• UNIDADE 2. A diversidade climática.</li> <li>• UNIDADE 3. A diversidade hídrica e bioxeográfica.</li> <li>• UNIDADE 4. Paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade.</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 5. Os espazos rurais e o sector primario</li> <li>• UNIDADE 6. O sector secundario</li> <li>• UNIDADE 7. O sector terciario</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNIDADE 8. A poboación</li> <li>• UNIDADE 9. A cidade e os espazos urbanos</li> <li>• UNIDADE 10. A organización territorial de España</li> <li>• UNIDADE 11. España en Europa e no mundo</li> </ul>

<b>PATRIMONIO CULTURAL E ARTÍSTICO (2º BACHARELATO)</b>	
<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bloque 1. As raíces da arte galega</li> <li>• Bloque 2. Idade Antiga</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bloque 3. Idade Media</li> <li>• Bloque 4. Idade Moderna</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bloque 5. Idade Contemporánea</li> <li>• Bloque 6. Patrimonio industrial e cultural en Galicia</li> </ul>

## 6 AVALIACIÓN

### Criterios de avaliación en relación ás competencias clave.

A **avaliación das competencias** realizarase a través de:

- O desenvolvemento dos contidos da materia.
- O recoñecemento da propia competencia clave.
- O nivel de desempeño alcanzado en cada unha das oito competencias:

#### **1. Competencia en comunicación lingüística**



Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións; darlle coherencia e cohesión ao discurso; gozar escoitando, dialogando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

## **2. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía**

Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e pór en práctica procesos de razoamento que leven á solución dos problemas, á obtención de información ou á toma de decisións.

## **3. Competencia dixital**

Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para organizar e procesar a información, e resolver problemas reais de modo eficiente, mostrando unha actitude crítica e reflexiva.

## **4. Competencias sociais e cívicas**

Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía, valorando as diferenzas e recoñecendo a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

Ser consciente da influencia que ten a presenza humana no espazo e das modificacións que introducen, adoptando unha actitude crítica na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.

## **5. Conciencia e expresións culturais**

Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para realizar creacións propias; coñecer as distintas manifestacións culturais e artísticas; e interesarse pola conservación do patrimonio.

## **6. Aprender a aprender**

Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender; coñecer as propias potencialidades e carencias, tirando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas.

## **7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Ser capaz de elixir e sacar adiante proxectos individuais ou colectivos: marcarse obxectivos, planificar, manter a motivación, tomar decisións, ter creatividade, actuar, autoavaliarse, tirar conclusións, aprender dos erros, valorar as posibilidades de mellora, ter capacidade de asumir riscos e planificar e xestionar proxectos etc.

Teremos en conta a relación entre os criterios de avaliación e as competencias clave:

## CIENCIAS SOCIAIS

COMPETENCIA BÁSICA	CRITERIO DE AVALIACIÓN
1. <i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información (textos, mapas, gráficas, imaxes etc)</li><li>• Ser capaz de comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.</li><li>• Desenvolver hábitos de lectura.</li><li>• Empregar o vocabulario técnico e procurar buscar o seu significado no diccionario.</li><li>• Realizar traballos de investigación sobre as sociedades que se estudan.</li><li>• Facer exposicións orais de traballos.</li><li>• Realizar debates, aprendendo a formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, expoñer ideas, construír argumentos, formular hipóteses, etc. O diálogo esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e, para iso, é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.</li></ul>

<p><i>2. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar o mapa de fusos horarios.</li> <li>• Usar a escala nun plano e nun mapa</li> <li>• Realizar liñas cronolóxicas espazo - temporais.</li> <li>• Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, sendo capaz de aplicalas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga, moderna e contemporánea do mundo.</li> <li>• Interpretar e realizar gráficas aplicándoas a feitos históricos e xeográficos como evolución de prezos, taxas de mortalidade e natalidade, movementos migratorios etc.</li> <li>• Coñecer a estrutura e distribución espacial da poboación en Galicia, España e o mundo.</li> </ul>
<p><i>3. Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia.</li> <li>• Utilizar Google maps e Google Earth.</li> <li>• Analizar o crecemento das áreas urbanas, a través da observación dos planos urbanos, e as súas novas modalidades, a diferenciación social e funcional do espazo urbano e algúns dos seus problemas, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar actividades interactivas para afianzar os coñecementos adquiridos ou para buscar información de forma activa.</li> <li>• Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.</li> </ul>
<p>4. <i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar a través das sociedades do pasado os dereitos e deberes da cidadanía, valorando as diferenzas e recoñecendo a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.</li> <li>• Valorar as aportacións políticas da democracia grega e o legado romano no noso sistema político e no dereito occidental.</li> <li>• Diferenzar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega.</li> <li>• Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.</li> <li>• Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.</li> <li>• Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa medieval.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno destacando as características máis relevantes da monarquía hispánica e do imperio colonial español.</li> </ul>

- Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
- Identificar as principais institucións que caracterizan á organización política -administrativa de Galicia e do estado español.
- Saber analizar as relacións de interdependencia que se establecen entre as diferentes áreas do mundo.
- Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX e XX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos.
- Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.
- Coñecer os dereitos e deberes dos cidadáns.
- Realizar unha reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a Declaración universal dos dereitos humanos, a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

- |  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comparar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia. pretar a paisaxe da súa contorna, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamentos rurais e urbanos.</li><li>• Identificar e explicar exemplos de riscos de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e achegando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia á necesidade de buscar solucións alternativas coma a reciclaxe ou o uso de enerxías alternativas.</li></ul> |
|--|---|

<p>5. <i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer as diferentes actividades agrícolas, industriais, explotación de materias primas e fontes de enerxía en Galicia, España e o mundo, tendo en conta os beneficios e conflitos que traen consigo.</li> <li>• Coñecer os principais sistemas agrarios e de explotación pesqueira, identificando os problemas que poden conlevar, e o tipo de paisaxe que modifican.</li> <li>• Analizar os diferentes impactos medioambientais das diversas actividades económicas.</li> <li>• Comprender a importancia da globalización económica e as consecuencias e repercusións que ten no planeta, tanto a nivel social e económico, como a nivel ambiental.</li> <li>• Identificar os grandes avances nos campos da tecnoloxía e a industria e a súa repercusión no resto de actividades económicas.</li> <li>• Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as repercusións e o impacto medioambiental.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a recoñecer e respectar o patrimonio histórico-artístico da nosa contorna.</li> <li>• Realizar obras de arte, debuxos ou maquetas sobre temas históricos que nos servirán para afianzar os contidos de clase e para desenvolver as habilidades artísticas do alumnado.</li> </ul>

6. *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

- Expor as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
- Identificar as principais institucións que caracterizan á organización política -administrativa de Galicia e do estado español.
- Saber analizar as relacións de interdependencia que se establecen entre as diferentes áreas do mundo.
- Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX e XX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos.
- Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.
- Comprender o funcionamento das sociedades e das organizacións sindicais e empresariais.
- Analizar os traballos en grupo a través da cultura megalítica, das pirámides en Exipto e aprende a valorar aspectos como a cooperación, organización ou a colaboración.
- Realizar de forma individual e tamén en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo sobre algún pazo ou mosteiro da comarca, utilizando fontes diversas (prensa, bibliografía, páxinas web, etc.), seleccionando a información máis relevante, integrándoa nun esquema ou guión e comunicando os resultados do estudo de forma intelixible.



- Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.
- Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conecta-los a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.
- Fomentar o diálogo e os debates na aula. A argumentación, á elaboración de ideas propias, o estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección.

7. *Aprender a aprender*

- Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obtén información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía, e elabora mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
- Ler de forma comprensiva, aprender a subliñar o importante e a extraer información de cada apartado para poder elaborar os esquemas conceptuais da materia.
- Realizar esquemas sobre cada unidade. O estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.
- Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
- Fomentar o diálogo e o debate na aula. O desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema.

## Criterios de cualificación

A cualificación final de cada unha das avaliacións realizadas ao longo do curso, (nas **materias de CC.SS de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO**), da avaliación final de xuño e mesmo das probas de contidos mínimos será resultado da valoración numérica das actitudes, atención, esforzo diario, e o resultado das probas escritas. Deste xeito os criterios de cualificación son como seguen:

<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS MATERIAS DE CIENCIAS SOCIAIS DE 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO</b>	
<b>20% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Traballo diario</u></b> na aula e fóra desta</li></ul>
<b>80% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Probas escritas obxectivas</u></b>: realizarase como mínimo unha proba escrita por trimestre.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Condición obrigatoria de presentar ou expoñer, segundo corresponda, traballos de investigación, lectura, etc. para obter a cualificación de aprobado, por considerar que reflicten o grao de interese e a actitude de responsabilidade e esforzo do alumno.</li></ul>	
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS MATERIAS DE CIENCIAS SOCIAIS DE 2º DE BACHARELATO</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>2º BACH: Hª de España.</b></li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>100% da nota</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Probas escritas obxectivas</u></b> realizarase como mínimo unha proba escrita por trimestre.</li></ul>
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS MATERIAS DE CIENCIAS SOCIAIS DE 2º DE BACHARELATO</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>2º BACH: XEOGRAFÍA</b></li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>90% da nota</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Probas escritas obxectivas</u></b> realizarase como mínimo unha proba escrita por trimestre.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>10% da nota</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Traballo diario</u></b> na aula e fóra desta.</li></ul>
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS MATERIAS DE CIENCIAS SOCIAIS DE 2º DE BACHARELATO</b>	
<b>2º BACH: Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia.</b>	
<b>30% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Traballo diario</u></b> na aula e fóra desta</li></ul>
<b>70% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b><u>Probas escritas obxectivas</u></b>.</li></ul>

- Condición obrigatoria de presentar ou expoñer, segundo corresponda, traballos de investigación, lectura, etc. para obter a cualificación de aprobado, por considerar que reflicten o grao de interese e a actitude de responsabilidade e esforzo do alumno.

### **ASPECTOS COMÚNS A TER EN CONTA PARA AVALIAR TODAS AS MATERIAS DO DPTO DE CC.SS.:**

Terase en conta á hora de redondear a **actitude positiva e participativa** do alumnado na aula.

Compre salientar que no caso de manifesto abandono dalgunha das competencias clave, o alumno non podería ser avaliado positivamente, e dicir, é preciso cumprir os mínimos esixibles en cada unha das capacidades básicas para ser cualificado positivamente.

Así mesmo, terase en conta a hora de avaliar as posibles **faltas de ortografía**. A finalidade de este criterio é contribuír dende todas as materias do currículo a mellorar a expresión escrita do alumnado.

**A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso no bloque avaliado.** Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustificado, o profesor poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

En base á publicación da Orde do 25 de Xaneiro de 2022, que actualiza a normativa de avaliación na ESO e no Bacharelato, recolleamos os seguintes acordos acadados no departamento: .

#### **En canto á avaliación na ESO:**

- A avaliación farase por trimestre. A nota media de cada trimestre terá que ser igual ou superior á cinco para acadar o aprobado .
- Na 3ª Avaliación, reflectiremos a media de todas as avaliacións. A media para acadar o aprobado terá que ser igual ou superior a cinco. No caso de suspender, o alumno/a terá que presentarse a proba da Avaliación Final en Xuño e recuperar só as avaliacións suspensas.
- A nota definitiva farase efectiva na avaliación Final de Xuño.
- A nota da proba da Avaliación Final en Xuño terá que ser igual ou superior a cinco para acadar o aprobado.

No mes de xuño, no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final o profesorado da materia realizará actividades de reforzo, apoio e recuperación para axudar ao alumnado a superar a materia. E tamén poderá entregar actividades de ampliación para os alumnos xa aprobados na terceira avaliación parcial.

**En canto a avaliación no Bacharelato:**

- Tendo en conta a citada orde, a avaliación farase por trimestre, tal como especificamos na programación de curso. A nota media de cada trimestre terá que ser igual ou superior á cinco para acadar o aprobado .
- Na 3º Avaliación ou Avaliación final ordinaria , reflectiremos a media de todas as avaliacións. A media para acadar o aprobado terá que ser igual ou superior a cinco.
- No caso de suspender, terá que presentarse a proba da Avaliación final extraordinaria en Xuño e recuperar só as avaliacións suspensas. A nota terá que ser igual ou superior a cinco para acadar o aprobado.

En canto a 2º de Bacharelato, no mes de xuño, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

### **Avaliación dos alumnos con materias pendentes.**

Na recuperación das materias pendentes de cursos anteriores o **calendario de exames farase público ao comezo de curso** para que o alumnado afectado poida preparar con antelación suficiente os contidos sobre os que se vai examinar. **Os contidos de cada exame serán comunicados ao alumnado con suficiente antelación** para facilitar a súa preparación cara á cada proba obxectiva. O/a xef@ do departamento didáctico como coordinador@ das probas, e da preparación da materia relativa ás mesmas por parte do alumnado con materias pendentes de cursos precedentes, e o resto dos membros do departamento didáctico como colaboradores na preparación e desenvolvemento de ditas probas serán os encargados de desenvolver unha planificación do proceso de recuperación.

En calquera caso, o departamento didáctico axudará ao alumnado a preparar as probas; supervisará a realización dalgúns **exercicios ou traballos en relación cos contidos da materia** da que os alumnos deben examinarse, co obxectivo de preparar os exames. Estes traballos se o Departamento o considera favorable para a recuperación das materias pendentes poden ser outro criterio de avaliación e recuperación da materia, pero sempre subordinado aos resultados dos exames.

O alumnado de ESO que ten pendente a/as materia/s de curso/s anterior/es será atendido para a recuperación da seguinte forma:

<b>INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS <u>MATERIAS PENDENTES DO</u> DPTO DE CIENCIAS SOCIAIS QUE SE IMPARTEN NA <u>ESO</u>.</b>	
<b>40% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b><u>TRABALLO ENTREGADO Ó ALUMNADO</u></b> na aula e fóra desta. O alumnado realizará na casa algúns <b>exercicios</b> propostos polo profesor/es da materia, quen supervisará a súa realización, <b>co obxectivo de preparar os parciais</b> que deberá facer ó longo do curso.</li> <li>• <b>Estes traballos poderán supoñer o 40% da nota.</b></li> <li>• Serán entregados a principio de curso e <b><u>recolleranse no primeiro trimestre no prazo indicado polo departamento</u></b>. A cualificación sumarase ó resultado do exame final de maio.</li> <li>• Unha vez corrixidas e aclaradas as posibles dúbidas do alumnado devólvense para que poidan estudar os contidos e repasar as actividades antes das probas escritas, que estarán referidas ós contidos do material entregado.</li> </ul>
<b>60% da nota</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b><u>Probas escritas obxectivas</u></b>:. Realizaránse <b>como mínimo dúas probas parciais, e unha proba final.</b></li> </ul>
<b>Anotacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aqueles alumnos que non entreguen as actividades propostas dependerán exclusivamente da nota do exame.</li> <li>• As probas escritas constan de:             <ol style="list-style-type: none"> <li>a. <b><u>PRIMEIRO EXAME PARCIAL</u></b>: realizado a principios do segundo trimestre.</li> </ol> </li> </ul>

	<p>b. <b><u>SEGUNDO EXAME PARCIAL</u></b>: aqueles alumnos que superaron positivamente o primeiro exame parcial, so se presentarán a esta proba.</p> <p>c. <b><u>MAIO: PROBA FINAL</u></b>: proba global baseada na materia dos parciais precedentes, para aquel alumnado que non superase os exames parciais.</p> <p>d. <b><u>XUÑO</u></b>: haberá unha <b>proba extraordinaria</b> para o alumnado que non superase a materia en maio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O Instituto establecerá os horarios dos exames con suficiente antelación.</li> <li>• <b>A nota final será o resultado da media dos exames, máis a nota do caderno. A avaliación estará aprobada a partir do 5.</b></li> <li>• Na <b>convocatoria extraordinaria de xuño</b> a nota depende exclusivamente do resultado do exame. Estará <b>aprobada a partir de 5.</b></li> </ul>
<p><b>MATERIAS PENDENTES <u>1º BACHARELATO</u></b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En Historia do Mundo Contemporáneo, impartida en 1º de Bacharelato, modifícase a ponderación, establecéndose: <ul style="list-style-type: none"> <li>a. <b>20%: <u>TRABALLO ENTREGADO Ó ALUMNADO</u></b></li> <li>b. <b>80%: <u>Probas escritas obxectivas</u></b>: Realizaráse <b>como mínimo dúas probas parciais, e unha proba final.</b></li> </ul> </li> <li>• O resto dos criterios mantéñense igual que nas materias impartidas na ESO.</li> </ul>

Os alumnos coa materia pendente terán á súa disposición a calquera dos membros deste Departamento para a resolución de dúbidas ben nos períodos de lecer ou noutro no que o permita o horario.

**Tanto os criterios das materias pendentes coma os da avaliación ordinaria son explicados na aula ao inicio do curso académico ao alumnado.**

### **[Avaliación de alumnos con ausencia prolongada do centro escolar por causas diferentes.](#)**

No caso de alumnos que, por diferentes causas xustificadas (normalmente causas de forza maior como enfermidades que impidan a presenza do alumno no centro, recuperacións de lesións causadas por un accidente grave ou outras causas de gravidade que así consideren os

membros do departamento didáctico), se ausenten de forma prolongada do centro, o Departamento establecerá unha **proba final en xuño** onde o alumno se examine ben de toda a materia da programación didáctica ou ben daquela parte dos contidos da dos que, debido á súa ausencia, non se puidera ter examinado ao longo do curso (esta última posibilidade só quedará establecida previo acordo dos membros do departamento didáctico). **O Departamento resérvase, tamén, a posibilidade de poder desenvolver exames parciais ou diferentes tipos de traballos para facilitar a recuperación da materia** no caso dos alumnos que por estas causas de forza maior deban ausentarse do centro educativo de forma prolongada. En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria poderán presentarse con plena normalidade ó **exame da convocatoria extraordinaria establecida polo centro**.



## Procedementos de avaliación

Para poder avaliar os estándares de aprendizaxe, teremos en conta os seguintes procedementos de avaliación, e concretaremos que instrumentos teremos en conta para poder analizalos:

- A observación directa do progreso do alumnado que se realizará de forma diaria, vendo os seus problemas, a súa implicación e a súa labor diaria fóra da aula. Estes datos serán recollidos por escrito no caderno de aula do profesorado.
- Análise das actividades realizadas polo alumno dentro e fóra da aula.
- Actividades interactivas realizadas dentro do programa Edixgal.
- Emprego de rúbricas
- Rúbricas de coavaliación
- Rúbricas de autoavaliación
- Observación do alumnado nas tarefas de investigación. Comprobaremos o grao de rigorosidade na recollida de datos e no tratamento dos mesmos, así como os esquemas e resumos para cada unha das unidades didácticas que os alumnos deberán recoller por escrito no caderno.
- Valoración dos contidos adquiridos polo alumnado e das competencias clave.
- A actitude, a participación voluntaria e seguimento diario das explicacións do profesor na aula quedarán rexistradas por escrito no caderno do profesor. O que valoramos é a capacidade do alumnado para razoar e solucionar problemas e preguntas que lle suscitamos ou que xorden debido a súa curiosidade, a motivación persoal perante a materia e as dificultades que xorden, así como a capacidade de argumentar e de respectar a opinión dos demais.
- Reflexión sobre a capacidade de traballo en grupo e a súa exposición en clase. Analizaremos por escrito si son capaces de defender as súas ideas, si respectan ás dos compañeiros, si participan de forma activa na discusión, e tamén as formas de expresarse oralmente e a utilización de medios técnicos que contribúen a desenvolver as explicacións.
- Para poder avaliar o coñecemento previo específico dos nosos alumnos e as súas destrezas realizaremos unha ficha de **Aviación inicial** na que incluiremos actividades relacionadas coas competencias, tales como: a lectura e interpretación de textos, a extracción da temática ou do tema principal, a elaboración dun resumo ou esquema. E outras de

contidos específicos con preguntas curtas, definicións, preguntas de completar ou encher ocos.

- Tamén se poden facer sondeos en clase mediante preguntas directas ó alumnado, rexistrando o seu coñecemento ou dominio de temas e conceptos concretos, a habilidade para dar respostas a cuestións concretas, ou tamén para coñecer cuestións relacionadas coa docencia como a dispoñibilidade de medios para traballar en casa tales como os informáticos.
- En función dos resultados da avaliación inicial poderemos adoptar medidas específicas para cada alumno segundo as súas necesidades, empregando para iso fichas de reforzo, de ampliación, incidindo na elaboración de esquemas conceptuais como elemento básico de comprensión, redistribución do alumnado na aula para lograr que colaboren entre eles mesmos, ou adoptando medidas máis concretas, se fose necesario, contando sempre coa colaboración do departamento de orientación (ACI, Agrupamento etc.)

## Instrumentos de avaliación

As fontes ou instrumentos de avaliación de que nos serviremos para avaliar o proceso de aprendizaxe dos alumnos serán:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1) <u>A observación directa do progreso do alumnado.</u>	1) <u>Recollida de datos no caderno de aula do profesor</u> : rexistro das dificultades do alumnado, do traballo diario dentro e fóra da aula, do grao de consecución do mesmo.
2) <u>Análise das actividades realizadas polo alumnado na aula e fóra dela.</u>	2) <u>Corrección dos cadernos do alumnado ou actividades para entregar</u> . Valoraremos a organización, presentación adecuada, lexibilidade, ortografía e composición correctas. E o grao de execución das actividades. 3) <u>Probas escritas.</u>
3) <u>Observación do alumnado nas tarefas de investigación.</u>	1) <u>Análise de traballos de investigación ou actividades en aula empregando as TIC</u> . Teremos en conta como buscan información, en que fontes, si a contrastan, como extraen as conclusións (si saben explicalo correctamente), e como as redactan, (si empregan vocabulario propio, si entenden os conceptos máis específicos).

<p>4) <u>Emprego de rúbricas</u></p>	<p>1) <u>Analizaremos o resultado dos traballos en grupo e a exposición oral dos mesmos, mediante o emprego de rúbricas.</u></p> <p>2) <u>Comprobaremos a cooperación en equipo mediante o emprego de rúbricas de coavaliación.</u></p> <p>3) <u>Analizaremos a nosa práctica docente mediante rúbricas de autoavaliación.</u></p>
<p>4) <u>Valoración dos estándares adquiridos polo alumnado e das competencias clave.</u></p>	<p>1) <u>Probas escritas obxectivas.</u> Nas que se avaliarán competencias mediante a realización e interpretación de mapas, gráficos, análises de datos estatísticos, elaboración de resumos e esquemas, comprensión de documentos históricos sinxelos, elaboración de eixos cronolóxicos. E avaliaremos conceptos e básicos da materia e cuestións reflexivas nas que se amose a asimilación dos contidos, a capacidade de relación ou de causa-efecto, e a habilidade discursiva.</p> <p>2) <u>Corrección dos cadernos, das actividades e dos esquemas conceptuais.</u></p> <p>3) <u>Repaso diario das unidades en clase.</u> Valoraremos o grao de comprensión dos contidos e repaso dos mesmos, mediante a realización de preguntas ó principio da clase e o repaso dos esquemas conceptuais.</p>
<p>5) <u>Reflexión sobre a capacidade de traballo en grupo e a súa exposición en clase.</u></p>	<p>1) <u>Realización e exposición de traballos ou debates.</u> Analizaremos por escrito si son capaces de defender as súas ideas, si respectan ás dos compañeiros, si participan de forma activa na discusión, e tamén as formas de expresarse oralmente e a utilización de medios técnicos que contribúen a desenvolver as explicacións. A busca de información, a súa exposición (presentación, corrección ortográfica, emprego das TICS), e comprensión.</p>
<p>6) <u>Estudo da actitude, a participación voluntaria e seguimento diario</u></p>	<p>1) <u>Valoración por escrito da participación e actitude.</u> Preténdese valorar a participación dos alumnos e das alumnas na marcha da clase, o que entroncaría co ensino activo e participativo que se defende na metodoloxía. Quedarán rexistradas por escrito no caderno do profesor. O que valoramos é a capacidade do</p>

<u>das explicacións do profesor na aula</u>	<p>alumnado para razoar e solucionar problemas e preguntas que lle suscitamos ou que xorden debido a súa curiosidade, a motivación persoal perante a materia e as dificultades que xorden, así como a capacidade de argumentar e de respectar a opinión dos demais.</p> <p>Así terase en conta interese polas actividades, as preguntas que se fan, as respostas ás pregunta do profesor e dos compañeiros, a actitude de respecto cara ós demais e a participación e realización de traballos tanto individuais como de grupo.</p>
---	---

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

<b>Xeografía e Historia 2º da ESO</b>	
<b>Elemento transversal</b>	<b>Contido transversal do currículo.</b>
1. Comprensión lectora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos breves históricos sobre as sociedades do pasado.</li> <li>• Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes (mapas, gráficas, textos, imaxes etc.)</li> <li>• Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</li> <li>• Ser consciente do paso do tempo empregando as liñas do tempo.</li> <li>• Extraer as ideas principais de textos sinxelos sobre as unidades que impartimos en clase, e a temática dos mesmos.</li> </ul>
2. Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia.</li> <li>• Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.</li> </ul>
3. Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar traballos de investigación favorecendo o uso das TIC.</li> </ul>
4. Uso das TIC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e</li> </ul>

	<p>sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.</li> </ul>
5. Emprendemento, creatividade, iniciativa e traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</li> </ul>
6. Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.</li> </ul>
7. Fomento da igualdade, da tolerancia e da resolución pacífica de conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</li> <li>• Reflexionar sobre a diversidade de culturas, opinións e mentalidades ao longo da historia e no noso propio mundo.</li> </ul>
8. Adopción dos valores democráticos e do respecto ós dereitos humanos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.</li> </ul>
9. Promover a seguridade viaria a través de valores como a tolerancia, a prudencia, o autocontrol e o diálogo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.</li> </ul>

<b>Historia 4º da ESO e materias de Bacharelato</b>	
<b>Elemento transversal</b>	<b>Contido transversal do currículo.</b>
1. Comprensión lectora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos breves históricos sobre as sociedades do pasado.</li> <li>• Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes (mapas, gráficas, textos, imaxes etc.)</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</li> <li>• Ser consciente do paso do tempo empregando as liñas do tempo.</li> <li>• Analizar e comentar textos sobre as unidades que impartimos en clase, extraendo as ideas e a temática dos mesmos e situándoos no contexto histórico correspondente.</li> </ul>
2. Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</li> <li>• Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.</li> </ul>
3. Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar traballos de investigación favorecendo o uso das TIC.</li> </ul>
4. Uso das TIC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</li> <li>• Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.</li> </ul>
5. Emprendemento, creatividade, iniciativa e traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</li> </ul>
6. Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.</li> </ul>
7. Fomento da igualdade, da tolerancia e da resolución pacífica de conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</li> <li>• Reflexionar sobre a diversidade de culturas, opinións e mentalidades ao longo da historia e no noso propio mundo.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar a importancia dos organismos internacionais na consecución da paz como a SDN ou a ONU.</li> <li>• Rexeitar a confrontación e a loita como medio de resolución de conflitos mediante o estudo do pasado (guerras mundiais, conflito árabe – israelí etc)</li> </ul>
8. Adopción dos valores democráticos e do respecto ós dereitos humanos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.</li> <li>• Valorar as conquistas dos estados democráticos e a importancia do Estado de Benestar a través dos contidos das unidades didácticas (transición española, sistemas políticos liberais etc)</li> <li>• Analizar a loita polos dereitos humanos e sociais desde as sociedades do pasado a través do movemento obreiro, do sufraxismo feminino ou da Declaración de Dereitos Universais das Nacións Unidas trala segunda Guerra Mundial.</li> </ul>
9. Promover a seguridade viaria a través de valores como a tolerancia, a prudencia, o autocontrol e o diálogo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.</li> </ul>

### **Crterios de promoción e titulación do alumnado da ESO.**

Os criterios de promoción e titulación estableceranse en base ao recollido na lexislación, na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1- PROMOCIÓN:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - c. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - d. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.



6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 2- TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- 1- Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
- 2- Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
- 3- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
- 4- As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
- 5- O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2

da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

## **Criterios de promoción e titulación do alumnado de Bacharelato.**

Os criterios de promoción e titulación estableceranse en base ao recollido na lexislación, na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

### **1- PROMOCIÓN:**

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar

a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

## 2- TÍTULO DE BACHAREL:

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

## **7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Somos conscientes que en cada clase existen alumnos e alumnas con diferentes ritmos de aprendizaxe. Debemos estar atentos para percibir estas disparidades e saber orientar en cada momento ao alumnado.

Existen diversas estratexias de ensino para poder dar resposta a esta diversidade na aula. Sobre o texto expositivo que serve de guía en cada unidade didáctica, pódense propor diversas actividades que desenvolvan os contidos básicos.

A partir do observado e analizado pola profesora, propóranse actividades de nivel de profundización variable, atendendo aos niveis curriculares do alumnado: **actividades de reforzo** para os que teñan máis dificultades, e de **ampliación** para os que adquiriran as aprendizaxes básicas.

Cando se trata de diversidade convén non identificar esta exclusivamente coa atención ao alumnado que presenta maior nivel de dificultade para aprender; diversidade significa tamén responder ás expectativas dos alumnos e alumnas con maiores capacidades, e que tamén reclaman o dereito a que a ensinanza se adapte ás súas posibilidades.

Moitas das dificultades coas que se atopa o alumnado non se derivan da configuración da área de Ciencias Sociais, senón que son debidas a axentes externos, tales como o emprego dunha linguaxe complexa nos materiais de traballo, ou a axentes internos, tales como as dificultades relacionadas coa correcta expresión de ideas de forma escrita e/ou oral. Igualmente, a motivación /desmotivación é un axente de vital importancia á hora de implicar ó alumnado no proceso de aprendizaxe, de modo que a multiplicación de exercicios motivadores sempre será un elemento dinamizador e repercutirá de modo positivo nos resultados finais.

Convén non esquecer que **a expresión oral e escrita ten un forte peso nos programas e actividades**, polo que estas formas de comunicación deben traballarse permanentemente e atender de modo individualizado a aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades e carencias para alcanzar os obxectivos xerais da etapa e específicos da área. Un traballo cotián no que se potencie e valore a expresión escrita (comentarios, respostas a cuestións, elaboración de

informes...) e oral (traballo en grupo, realización de debates, entrevistas, exposicións da aula...) favorecerá extraordinariamente a consecución destes obxectivos considerados básicos por todos e que, desde a área de Ciencias Sociais, poden potenciarse dun modo moi destacado.

Pode resultar moi eficaz, para un axeitado tratamento da diversidade, **agrupar ao alumnado para o traballo na aula**, posibilitando a inserción afectiva, e ao mesmo tempo efectiva, para o desenvolvemento das tarefas de aprendizaxe. A diversidade de agrupamentos conséguese abrindo o abano de criterios de formación de grupos, atendendo aos intereses do alumnado, ao ritmo de traballo, á opcionalidade das actividades e á participación. A intervención do propio alumnado nas decisións das formas de agrupamento é un elemento para ter en conta e debe ser respectado, sempre que sexa posible.

En ocasións atoparemos alumnos de máis de 15 anos con risco de non acadar os obxectivos da etapa. Nestes casos tratarase o tema co equipo docente e co departamento de orientación, para se é posible, que pasen a formar parte dun programa de diversificación curricular, que se imparte no centro e de dous anos de duración.

Para alumnas e alumnos con outras necesidades educativas específicas estaremos sempre **asesorados polo Departamento de Orientación do Centro**, que nos axudará a propor metodoloxías diversas para estes casos puntuais.

## 8 METODOLOXÍA

Empregaremos una metodoloxía activa, centrada no alumnado. A finalidade é lograr que o alumnado sexa o centro da súa aprendizaxe, pretendemos estimular á creatividade, a participación, a interacción dos alumnos entre si e no seu contorno, a curiosidade de aprender. O alumnado debe adquirir as competencias necesarias, as habilidades para resolver problemas, comprender contidos, e formarse como persoas e cidadáns.

A metodoloxía didáctica enténdese como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizados e planificados polo profesorado, para que o alumnado poida aprender e acadar os obxectivos fixados.

Levaranse á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas:

### A.- Relativos ao proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprendizaxe significativa:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.
  - Potenciar a aprendizaxe significativa.
  - Gradación das actividades.
  - Aprendizaxes basados en proxectos, problemas, investigacións...
  - Integrar en todas os proxectos e unidades didácticas as Intelixencias Múltiples de cara a asegurar a formación completa en todos e cada un dos aspectos que afectan ao desenvolvemento integral do alumnado.
  - Integración efectiva das TIC na aula.
  - Uso do erro como mecanismo de mellora.
  - Utilizar unha linguaxe clara, sinxela na presentación de novos contidos.
- Principio de individualización:
    - Faremos posible que cada alumno/a traballe ao seu propio nivel e ritmo.
    - Atención á diversidade do alumnado a través da integración total, efectiva e eficaz do alumnado con neae.
  - Aprendizaxe cooperativo.
    - Utilizar a cooperación e a axuda entre os iguais como medio para acceder ao coñecemento
    - Contribúe a educar a capacidade dos seus membros no diálogo, na coexistencia e na solidaridade.

#### B.- Relativos ás funcións do profesorado e á súa forma de intervención:

- Crear un clima de seguridade e confianza.
  - O profesorado coñecerá a cada alumno/a e depositará confianza nel ou nela.
  - Fará ver a todo o alumnado todas as posibilidades que teñen e intentará facerlles sentir que son capaces de aprender con éxito.
- Axudar no proceso
  - O profesorado, tendo en conta o que cada alumno/a sabe e ten que aprender, estimularao e axudarao durante todo o proceso.
  - A coordinación entre todos os profesionais que interveñen

- Favorecer a participación e colaboración coas familias
- Impulsar a aprendizaxe autónoma
  - O profesorado por medio da súa intervención axudará ao alumnado a pensar, a facerse preguntas e atopar solucións.
  - Favorecer a aprendizaxe activa integrando o alumnado na dinámica xeral da aula fomentando a participación
  - Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización
  - Potenciar a resolución pacífica de conflitos e a necesidade de acordos e consensos entre o grupo-clase.

## 9 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos e materiais didácticos son instrumentos imprescindibles para unha axeitada práctica de ensino-aprendizaxe:

- Libro de texto para facilitar a comprensión e a aprendizaxe que sirva como manual de consulta:

Materia	Curso	Idioma	Curso inicio *	Título	Autor(es)/a(s)	ISBN	Editorial	Ano edic.
<b>Xeografía e Historia</b>	1ºESO 2º ESO 3º ESO 4ºESO	GAL	2021	Editoriais dispoñibles dentro do programa E-DIXGAL promovido pola consellería de educación para a introdución das TIC nas aulas.				
<b>Historia do Mundo Contemporáneo, 1º Bacharelato</b>	1ºBAC	GAL	2015-	Historia do Mundo Contemporáneo. Bacharelato 1	Xosé Alfeirán Ana Romero	978-84-99954011	Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego	2022
<b>Historia de España, 2º Bacharelato</b>	2ºBAC	GAL	2003/2012	Historia	Xosé Alfeirán Ana Brea Ana Romero	978-84-	Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego	2016
<b>Xeografía</b>	2ºBAC	GAL		Xeografía			Anaya	

- Páxina web que nos sirve de soporte dixital para desenvolver os contidos das unidades e para aproximalos ó pasado histórico a través de imaxes.
- Plataforma E-DIXGAL.
- Traballo por proxectos centrado en etapas da historia, empregando metodoloxías activas nas que o alumnado debe cooperar na elaboración de traballos, na exposición e difusión dos mesmos, empregando as TIC e tamén recursos tradicionais (ex: guións de contidos para o resto de compañeiros, manualidades, traballo de campo), de tal forma que eles mesmos constrúan os contidos e aprendan a expoñelos de forma lúdica e atractiva para o resto de compañeiros.
- Emprego de recursos informáticos para a explicación de contidos e a realización de actividades tales como: a aula virtual do centro, ou o uso da plataforma CISCO WEBEX que pon a disposición do profesorado a consellería para realizar videoconferencias que permitan o desenvolvemento do ensino a distancia, e tamén para que poidamos realizar as reunións pertinentes do profesorado, no caso de que se interrompan as clases presenciais por mor da pandemia do COVID 19.
- Utilización de imaxes con Internet ou presentacións de Powerpoints para ler e interpretar as imaxes e os espazos representadas en debuxos, infografías e fotografías, cartografía. Dáselle importancia e contido informativo á linguaxe cartográfica e icónica.
- Emprego de recursos informáticos para comprender os procedementos de orientación e localización en mapas e planos (ex: Google Earth).
- Elaboración de liñas cronolóxicas que nos permitan situar os acontecementos históricos no tempo de forma precisa e ordenada.
- Investigación da contorna, para observala e interpretala ao longo do tempo mediante fichas de investigación e buscar o porqué das cousas.
- Visitas guiadas a centros ou lugares de interese relacionados con contidos da programación.
- Mapas murais xeográficos e históricos.
- Prensa diaria.
- Filmografía axeitada para cada unidade.
- Lecturas complementarias de libros de xeografía, historia ou literarios que fagan referencia ó tema a tratar.
- Biblioteca do centro.
- Consulta de páxinas web específicas de cada tema.



- Unidades didácticas confeccionadas polo profesorado para completar determinados aspectos .
- Elaboración de esquemas conceptuais para favorecer a comprensión das unidades, recollendo as ideas esenciais das mesmas.
- DVD didácticos pertencentes ó fondo da biblioteca do centro así como outros que poida adquirir o propio departamento didáctico.
- Distintos tipos de actividades con diferente grao de dificultade e distinta finalidade:
  - Actividades de asimilación: memorización; completar frases, mapas conceptuais e árbores representativas explicativas; resumo; comprensión; definición.
  - Actividades de razoamento: buscar causas, deducir consecuencias; relación causa-efecto; relación xeral; análise (diferenzas); síntese (semellanzas); de aplicación.
  - Actividades léxicas: vocabulario específico do tema; definición de conceptos, familias léxicas (comparación, derivación e parasíntese); sinónimos; antónimos; etimoloxías; definición de termos.
  - Actividades de comentario: interpretación; opinión; comprensión.
  - Actividades de investigación: investigación xeral; investigación do contorno, fichas.
  - Técnicas de aprendizaxe: esquemas; cadro sinóptico; cadro comparativo; mapa conceptual; árbore representativa explicativa (ARE); remuíño de ideas.
  - Actividades cartográficas.
  - Actividades de bibliografía.
  - Actividades de avaliación.
  - Actividades de equipo.
  - Actividades de ampliación: biografías, consulta en distintas fontes, fichas.

## **10 TRATAMENTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.**

No mundo actual resulta innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e a competencia dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento resulta imprescindible.

As *tecnoloxías da información* resultan imprescindibles na actual sociedade da información na que vivimos xa que aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios e

mesmo poden formar parte de traballo cooperativo abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que máis interesan á área das ciencias sociais, xeografía e historia.

Por isto, durante o presente curso académico dende este departamento didáctico tratará de desenvolver e fomentar a utilización das novas tecnoloxías da información. O punto principal desta tarefa centrarase na **utilización**:

- **Da aula de informática do centro** para que os/as alumnos/as poidan acceder á información de diversas páxinas web e elaboren sinxelos estudos sobre algún tema de Xeografía ou Historia
- **No emprego da plataforma E-DIXGAL para os alumnos da ESO**
- **O emprego das TIC na aula a través do uso do proxector e tableiros dixitais** que están instaladas nas aulas.
- A utilización da Aula Virtual do centro, sobre todo para os niveis de Bacharelato.

## **11 ASPECTOS A TER EN CONTA ANTE A SITUACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE DEBIDO Ó COVID 19.**

A situación excepcional que estamos a vivir desde finais do curso pasado obríganos a adoptar unha serie de medidas en previsión do que poida pasar ante o xurdimento de gromos que poidan levar a un ensino semipresencial ou ó peche dos centros e polo tanto a un ensino a distancia.

### **a) NO SUPOSTO DUN ENSINO SEMIPRESENCIAL:**

No caso de que un ou varios alumnos teñan que estar en corentena por mor da pandemia poremos en marcha as seguintes medidas:

- Empregaremos recursos informáticos como a aula virtual do centro, ou páxinas webs propias para que poidan descargar desde as súas casas os contidos que estamos vendo na aula e realizar as actividades pertinentes que serán enviadas ó profesor responsable da materia polas canles previamente acordadas cos alumnos (enderezo electrónico, aula virtual etc) ou recollidas á volta.
- No caso de alumnos que non dispoñan de recursos informáticos ou de boa conexión, porémonos en contacto cos tutores e co equipo directivo para que poidamos facilitarlle os medios necesarios (ordenadores). Neste caso trataríamos de que as actividades se recollesen ó reincorporarse, para evitar un consumo excesivo de datos nas casas.

- Si a consellería nos facilita os medios, poderíamos dispoñer de cámaras web nas aulas para que aqueles alumnos que estean nas súas casas confinados poidan continuar co desenvolvemento das clases, (si o estado de saúde o permite), dunha forma o máis parecido posible á situación presencial. De tal modo que se conectarían as distintas materias na hora correspondente, e a través de CISCO WEBEX seguirían o normal desenvolvemento das clases, atendendo ás explicacións do profesor e incluso podendo intervir en calquera momento si xurden dúbidas. Deste modo tamén podería facer as mesmas actividades que o resto do alumnado que serán corrixiadas na próxima sesión a través da mesma canle de comunicación. En caso de que o profesor da materia fixese un especial seguimento do alumno illado, podería requirir as actividades que lle serían enviadas por medios informáticos (endereço electrónico etc.)

b) NO SUPOSTO DUN ENSINO A DISTANCIA:

- Poremos en marcha os recursos citados no apartado anterior, máis as actividades sempre serán enviadas por medios informáticos.
- As videoconferencias a través de CISCO WEBEX realizaranse desde casa, sempre que a conectividade do profesorado sea boa e de que as condicións de confinamento o permitan (sexa por motivos de saúde ou por conciliación coa vida familiar).
- Centrarémonos nos contidos básicos das distintas materias.
- As actividades serán o centro da avaliación debido á imposibilidade da realización de probas escritas.
- Reforzarase o ensino práctico e a competencia de “aprender a aprender” a través de actividades dinámicas e motivadoras: visualización de vídeos, lectura, investigación por parte do alumnado empregando as TIC.
- As explicacións do profesorado centraránse nas cuestións básicas e na resolución de dúbidas formuladas por parte do alumnado. O profesor actuará como “guía” para que o alumnado poida adquirir os contidos e as competencias clave, e en lugar de impartir teoría facilitará que se poña en práctica os contidos que deben adquirir.

- No será tarefa principal do profesorado rematar o temario, se non tratar de motivar ó alumnado, atender a situación emocional do mesmo, e centrarse en acadar as competencias clave.
- Facilitarase a comprensión da materia con esquemas básicos dos temas, ou mediante o emprego de mapas conceptuais.
- Realizaranse tarefas encamiñadas á recuperar as avaliacións suspensas.
- Os criterios de avaliación modificaranse seguindo as pautas emitidas pola consellería de educación.

En calquera dos dous supostos, no caso de alumnado que permaneza illado e non poida, por motivos de saúde, seguir un ensino a distancia, o departamento porá a súa disposición unha serie de actividades centradas nos contidos básicos e competencias clave, para que poida superar a materia, cando poida reincorporarse ó curso.

No caso de aqueles alumnos con **necesidades específicas**, faremos como o curso pasado, coordinaremos as nosas actuacións co departamento de orientación para facerlles chegar o material necesario para superar a materia, tendo en conta que pode haber alumnos cun grao de autonomía moi baixo ou con carencias importantes a nivel informático.

## **12 PLAN DE FOMENTO DA LECTURA.**

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe e que a maior parte da información que os alumnos/as reciben é por medio de textos escritos, resulta imprescindible fomentar o hábito lector dentro da nosa actividade.

En cada un dos cursos da Educación Secundaria Obrigatoria tentarase de fomentar este interese pola lectura, do xeito que mellor se adapte ó nivel e o grupo concreto.

É un obxectivo prioritario o de dar a coñecer a tódolos alumnos e alumnas, especialmente ós de novo ingreso no centro, a existencia dunha sección da biblioteca con libros específicos de temas de Xeografía e Historia.

Na Historia e na Xeografía necesítase traballar a competencia lingüística dada a importancia dos textos como documentos que son primordiais para proporcionar a información. Así, con carácter xeral en todos os cursos, promoveremos a lectura comprensiva empregando os medios dispoñibles no centro:

A **biblioteca** será un espazo a ter en conta para o desenvolvemento das actividades que se propoñen para o Plan Lector, no que ademais dos libros de lectura se usarán os ordenadores para a obtención de información, e polo tanto se contribuirá ao emprego das TIC.

Neste mesmo sentido desenvólvese a **consulta en xornais** de novas que coincidan cos contidos traballados na clase (catástrofes naturais, restos arqueolóxicos/paleontolóxicos, etc.) e promoveremos as **consultas nos dicionarios de aula** e comparativa coas linguas peninsulares próximas (portugués/castelán/catalán).

Contribuiremos tamén desde o traballo diario na aula mediante a **lectura, en voz alta, de textos relacionados coa materia** por parte do alumnado. Facendo fincapé na correcta entoación, nas pausas, e tratando de que comprendan o que len ó mesmo tempo. Con atención especial á **comprensión** como hábito para situar os **conceptos** da materia e poder afrontar as actividades propostas. Isto implica traballar o **vocabulario** destacado en negriña nas marxes do texto e máis aló disto aclarar dúbidas sobre outras expresións, xiros, étimos, etc.

<b>Actividades relacionadas co fomento da lectura e co Plan Lector:</b>	
<b>1º DE ESO CC.SS.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura recomendadas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ O achado do castro, Manuel Núñez Singala</li> <li>○ “Tuthankamon, el faraón niño”, Ana I. Bernal</li> <li>○ Asterix, cómics.</li> </ul> </li> </ul>
<b>2º DE ESO CC.SS.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura recomendadas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ “ El Señor del 0”, M<sup>a</sup> Isabel Molina</li> <li>○ “Cuentos de la Alhambra”, Washington Irving</li> <li>○ “Al otro lado de la esfera”, Consuelo Jiménez de Cisneros.</li> </ul> </li> </ul>
<b>3º DE ESO CC.SS.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas recomendadas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ “La vuelta al mundo en 80 días”, Julio Verne</li> <li>○ “El príncipe de Tarsis”, Antonio Sánchez Escalonilla</li> <li>○ “Las aventuras del capitán Alatriste”, Arturo Pérez Reverte.</li> </ul> </li> </ul>

- Lecturas recomendadas:
  - “O Diario de Ana Frank”
  - “Trafalgar”, Benito Pérez Galdós.
  - Novelas gráficas: “Maus” e “Pyongyang”

### **13 COORDINACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS.**

En relación á coordinación con outros departamentos, ademais das que a continuación nomeamos, poderanse ampliar ó longo do curso. Esta coordinación farase en relación cos contidos, temporalización, secuenciación, actividades, visitas, etc.

- **Ciencias Naturais**, en todo o referido á Xeografía Física (nomenclatura, solos, vexetación, planeta Terra...). Xeralmente decidimos coordinarnos no reparto dalgúns temas que soen repetirse en ambas materias no mesmo curso. Por exemplo, en 1º da ESO, o apartado referido o sistema solar, os movementos da Terra e as estacións, impárteno con maior profundidade en Ciencias Naturais e o de meteoroloxía e o estudo das augas do planeta vémosto en profundidade en Ciencias Sociais. Evitamos deste xeito duplicidade de contidos e sobre todo facémolo para poder abarcar a totalidade dos temarios que soe ser moi ampla.
- **Relixión**, farase fincapé nas diferentes filosofías e relixións ó longo da historia. Tentaremos realizar un estudio conxunto da iconografía do Pórtico da Gloria e do Camiño de Santiago.
- **Lingua Galega e Castelá**, a coordinación irá dirixida a facilitar un contexto histórico para as literaturas e relacionar as distintas correntes artísticas tanto na literatura coma nas distintas manifestacións artísticas. Tamén é importante coordinarse para fomentar actividades de lectura e análise de textos, e actividades de comprensión.
- Coordinación na elaboración de materiais didácticos para o grupo de **Diversificación Curricular** do ámbito sociolingüístico.
- **Plástica**, manifestacións artísticas nos distintos momentos históricos, fundamentalmente nas técnicas artísticas.
- **Matemáticas**, métodos estatísticos aplicados ás Ciencias Sociais.
- **Música**, farase un estudio sobre os instrumentos musicais do Pórtico da Gloria dentro do contexto da Idade Media e da arte Románica.

## **14 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

As actividades de aula deben ser complementadas con saídas e actividades extraescolares que sexan de interese para os alumnos/as ou relacionados con contidos da programación. Ás actividades xa programadas, o departamento pode ofertar outras que xurdan ó longo do curso, que polo seu valor e obxectivos sexa interesante realizar.

Un criterio a ter en conta por parte deste departamento e a continuación de actividades ou saídas que no curso anterior cumpriron con éxito os obxectivos propostos. Por outra banda, e atendendo aos obxectivos da interdisciplinabilidade, este departamento sempre terá aberta a posibilidade de coordinar as visitas conxuntas con outros departamentos a lugares que poidan ser de interese común coa fin de servir como complemento das actividades de aula.

### As actividades propostas son as seguintes:

- **1º da ESO.**
  - Visita a Torre de Hércules e ó Castro de Elviña en A Coruña.
  - Coa finalidade de aproximarnos ao patrimonio da contorna propoñemos a visita ó Dolmen de Dombate con obradoiro no centro arqueolóxico para coñecer como vivían na prehistoria, xunto ó Castro de Borneiro o Castelo de Vimianzo e o Castro das Barreiras.
  - Roteiro do Megalitismo pola contorna (Dumbría, visitando Dolmen Pedra da Arca e o petróglifo de Pedra Ancha, Zas, Baio etc).
  - Subida á Moa cos alumnos de 1º da ESO para dar a coñecer a paisaxe galega e comprender a súa importancia.
- **2º da ESO.**
  - Saída didáctica á Catedral de Santiago de Compostela, para o estudo do románico.
  - Saída didáctica a Malpica onde poderán observar e participar no traballo artesanal dos alfareiros de buño no Eco museo de Forno do Forte, e visita do pazo das Torres do Allo en Zas.
  - Subida á Moa cos alumnos de 2º da ESO para dar a coñecer a paisaxe galega e comprender a súa importancia.

- **Saída didáctica conxunta de 2º e 1º da ESO e 2º de Bacharelato (Hª Arte e Patrimonio Artístico e Cultural).**
  - Visita comarcal que nos permita achegarnos ao Románico da contorna.
  - Visita ó mosteiro de Moraime para coñecer o patrimonio histórico-artístico da contorna. Acompañada dun roteiro polos muíños do Río Negro e/ou o camiño dos faros (tramo Moraime-Muxía), e da observación do funcionamento dos secadoiros de congro.
  - Excursión á Coruña para visitar o Castro de Elviña cos alumnos de Patrimonio Cultural e Hª da Arte.
- **3º da ESO.**
  - Excursión a Santiago de Compostela para coñecer ó Parlamento do Goberno Autonómico e analizar o Barroco galego a través da Catedral e os edificios circundantes. Visita pola cidade coa fin de estudar a morfoloxía urbana.
  - Saída á Coruña para visitar o Castelo de San Antón, os xardíns de San Carlos (tumba de John Moore), museo militar (batalla de Elviña) o Palacio da Capitanía Xeneral, e facer un roteiro pola cidade..
- **4º da ESO.**
  - Visita - obradoiro ao Museo de Belas Artes de A Coruña, e percorrido pola cidade.
- Durante o curso tamén existe a posibilidade de que xurdan outro tipo de actividades non programadas como exposicións, conferencias, proxección de películas, que poderán ser obxecto de realización, aínda que non estean previamente programadas (por exemplo, proxeccións de películas, algunhas tardes ó longo do curso, como actividade complementaria do currículo na materia de Ciencias Sociais de 4º de ESO) por parte do Departamento de Ciencias Sociais de forma exclusiva ou ben colaborando con outros departamentos didácticos.

## **15 CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO.**



Nos primeiros días os profesores do departamento informan aos seus alumnos do desenvolvemento do curso: material necesario para a clase, sesións semanais por curso, obxectivos, contidos, tanto os xerais como os mínimos, a temporalización e a secuenciación dos mesmos, os criterios de avaliación e de cualificación, así como os procedementos e instrumentos de avaliación.

Cando os profesores reparten os libros, fan especial fincapé no coidado do material que se lles entrega a cada rapaz (que forren os libros, non escriban neles....) . Tamén cada profesor lles di como teñen que organizar o caderno de actividades.

No referente ao uso das Tics, hai aulas con equipos informáticos en funcionamento. Os alumnos poderán tocar todo o material sempre baixo a supervisión dos profesores.

Os profesores encargados póñense en contacto cos alumnos coa materia de ciencias sociais pendente para darlles toda a información e material para as diferentes avaliacións, as datas, e ofrecerlles axuda ante posibles dúbidas.

## 16 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao final de cada avaliación, nas reunións de Departamento realizarase unha análise por niveis para coordinar tanto os contidos como os obxectivos e actividades. No caso de atopar discrepancias entre grupos ou dificultades para seguir a programación exposta, tomaranse as medidas oportunas, desde a revisión dos propios obxectivos ata medidas máis concretas se se dan dificultades particulares de grupo de alumnos.

Imos a avaliar non só a aprendizaxe dos alumnos, senón tamén a propia práctica docente, isto lévanos a traballar cunha avaliación formativa, é dicir, que avaliaremos tanto a capacidade do alumno para aprender como a nosa capacidade para transmitir os coñecementos, analizando se empregamos os recursos adecuados e se explicamos coa claridade suficiente para que os nosos alumnos poidan alcanzar os obxectivos estipulados. E para iso podemos realizar:

Questionarios a alumnos: os alumnos cubrirán un cuestionario sobre o proceso de ensinanza. Este incluírá cuestións claras e precisas sobre aspectos relevantes da ensinanza (claridade das exposicións, valor motivacional das actividades, suficiencia ou insuficiencia do tempo dedicado, variedade e adecuación dos materiais empregados, percepción da nosa actitude, propostas de mellora, ...). Como exemplo inclúese o seguinte cuestionario valorado mediante indicadores de logro:

INDICADORES	1	2	3	4	5
-------------	---	---	---	---	---

• Existe una correcta estruturación da clase: inicio, desenvolvemento, peche					
• Manifesta dominio do contido e rigorosidade conceptual da disciplina que ensina					
• Comunica aos alumnos o aprendizaxe esperado da clase					
• As actividades de ensino- aprendizaxe son coherentes coa aprendizaxe da clase.					
• Organiza axeitadamente o traballo dos alumnos na aula					
• A metodoloxía e os recursos didácticos que utiliza son motivadores e axudan ao logro da aprendizaxe					
• Organiza ben o tempo na clase e dáse a coñecer polos alumnos					
• Reacciona positivamente fronte as accións dos estudantes					
• Promove un bo clima de relacións interpersoais na aula					
• Utiliza as consultas dos alumnos para retroalimentar a todo o grupo					
• Utiliza estratexias para crear e manter un ambiente organizado dentro da aula					
• Atende á diversidade dentro da aula					
• Revisa as actividades feitas polos alumnos					
• Rexistra as actividades diarias no libro do profesor					
• Deixa claros os criterios de cualificación e de recuperación da materia					

De tal forma que os indicadores corresponderíanse coa seguinte ponderación:

<b>1</b>	Necesita mellorar
<b>2</b>	Insuficiente
<b>3</b>	Satisfactorio
<b>4</b>	Notable
<b>5</b>	Excelente

Prequntas na aula: se o “clima” do grupo o permite, este tipo de procedementos resultan insubstituíbles para un coñecemento directo dos problemas. As opinións do alumnado sobre como se imparte a materia, sobre as dificultades atopadas e as propostas de mellora, serán anotadas polo profesor para a súa valoración posterior.

Contraste de experiencias e puntos de vista: pódense intercambiar experiencias entre docentes a través das reunións de Departamento.

Análise dos resultados das aprendizaxes: O análise da aprendizaxe debe estar dirixido a buscar as causas que a dificultan, para en caso adecuado tomar medidas de corrección, e a buscar propostas alternativas que melloren o proceso de ensino-aprendizaxe. Cabe mencionar que a obtención de datos negativos por un grupo de alumnos non indica unha avaliación negativa da ensinanza.

En definitiva, o plan de avaliación non se limita a analizar os resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón que é un elemento regulador do proceso educativo completo.

## HISTORIA DE ESPAÑA 2º DE BACHARELATO

Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da **historia contemporánea**, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes, a Idade Contemporánea.

Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- **Bloque 0.** Como se escribe a Historia. Criterios comúns.
- **Bloque 1.** A península ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía visigoda (711).
- **Bloque 2.** A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474).
- **Bloque 3.** A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700).
- **Bloque 4.** España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788).
- **Bloque 5.** A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.
- **Bloque 6.** A conflictiva construción do Estado liberal (1833-1874).
- **Bloque 7.** A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902).
- **Bloque 8.** Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente.
- **Bloque 9.** A crise do sistema da Restauración e a caída da Monarquía (1902-1931).
- **Bloque 10.** A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939).
- **Bloque 11.** A ditadura franquista (1939-1975).
- **Bloque 12.** Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975).

En base o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CC.AA de Galicia, procedemos a continuación a distribuír o currículo en Unidades Didácticas.

### **17.1.14 Concreción de obxectivos por curso.**

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de

Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**17.1.15 Relación de criterios/estándares de aprendizaxe  
avaliáveis da materia que forman parte dos perfís  
competenciais.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCS</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
identificar as súas causas e consecuencias.	imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.10. Procura información de interese</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
	(en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
monarquía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial</li> </ul>		



Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns		
(1474-1700)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
	monarquía hispánica e para Europa.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
	Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
	canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.2.2. Resume as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns</b>		
movemento obreiro internacional.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
